

A GLOBALIZACIÓN


A universalización de valores e a globalización de economías tan de moda na actualidade, encumbrada e aplaudida por tantos e tantos países, ameaza con expandir a uniformidade e homoxeneidade a un mundo onde a diversidade que posúe e que tan importante é na natureza, a súa pluralidade cultural, vai sendo arrasada polos ditados de modelos que impoñen os países economicamente importantes.

Sucumbimos a un imperio económico que exporta os seus valores e modelos axudado polo enxame da tecnoloxía da comunicación non só de palabra senón de imaxes, as imaxes a miúdo máis poderosas; xa se di: unha imaxe vale máis que mil palabras.

No mundo da comunicación e de internet escapar ao control global dos imperios económicos e dos seus axentes é imposible. Estamos desprotexidos e as posibilidades de escape son case nulas. As pataletas que se poñen de manifesto nas mobilizacións sociais –realizadas por xente nova, maioritariamente, con pensamento reflexivo– son consideradas como iso, pataletas de neno e a nosa mentalidade independente en canto que somos un, é moldeada polo aparato informativo de manipulación mental que os medios de comunicación a xeito de bombardeo fan a diario. Asentamos comodamente na nosa vida fácil e con iso se conta.

Subimos “ao carro” da tecnoloxía máis recente e entón a universalización e a globalización tenden a eliminar destrutivamente as variacións culturais, e cando digo isto

refírome ás distintas maneiras de entender a vida e de afrontala; impedindo a permanencia de valores, de ideas de outros, simplemente por pertencer a culturas dun país economicamente pobre ou permanecer afastado do status emocional, mental e físico que invade a un mundo moderno, tan acelerado e consumidor voraz do tempo que se engule a si mesmo fronte ao valor da difusión e do coñecemento do próximo para intentar entendelo, aprezo, gozo e...



Devoramos para transformalo no noso e devolvémolo –vomitamos– todo feito, a miúdo, merda. Non tratamos de asimilar, só somos unidireccionais no empeño empecinado de un “progresar” nunha idea equivocada ao meu xeito de entender, do que é o progreso, do que é a evolución cultural, social... do ser humano, dos pobos.

O avance tecnolóxico que propicia a nosa parte máis evolucionada e frontal do cerebro, enfróntase ao sentimento racional do que realmente busca o

ser humano como unha existencia vital pracenteira. Estamos creando uns novos desexos de felicidade e unha nova visión do que pode ser e como se pode conseguir, cousa que propicia unha tecnoloxía que se contrapón a miúdo ao propio ser mental-sentimental. Domínanos o mundo tecnolóxico-científico que en si é bo, pero que ten o perigo do seu uso abusivo ou dominante, que escraviza ao ser humano en lugar de liberalo.

Non existe universalidade de valor –un valor único– existen valores, valorables. Non existe unha razón, existen razóns e sobre todo a posibilidade de razoamentos.

É preciso entender as culturas e as formas de vivir. Non poden quedar reducidas a zoolóxicos étnicos, como ocorre con esas tribos que os turistas van ver con tanto entusiasmo, e seguro que eu mesmo podo aparecer nun lugar así en calquera momento.

É preciso pensar en respecto aos demais –ao outro, á outra– tratando de entendelo, sen impoñernos nin radicalizar o noso eu cultural e de razón. Ser plásticos, flexibles e non ríxidos; así é difícil crebar. Aprender da Terra, onde o material máis duro aparece pregado.

Lembremos que temos dous oídos e unha soa boca porque é máis importante escoitar que falar, e primeiro é escoitar atentamente; despois, **se o que temos que dicir pode superar ao silencio, digámolo.**

Jorge.com